

PLAN TIC
CEIP DO BOLO
2018-2019

ÍNDICE

1. Datos do centro.
2. Introducción.
3. Xustificación.
4. Estudo inicial do centro.
5. O Equipo de Dinamización das TIC.
6. Obxectivos.
7. Coordinación e colaboración cos equipos e departamentos do centro.
8. Organización do alumnado.
9. Recursos informáticos dispoñibles no centro.
10. Organización dos espazos e horarios.
11. Desenvolvemento.
12. Tratamento da diversidade e atención a ANEAE.
13. Medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade.
14. Uso da Biblioteca Escolar como centro de recursos multimedia.
15. Plan de avaliación.
16. Plan de formación do profesorado.
17. Difusión do proxecto.
18. Necesidades e propostas de mellora.

1.DATOS DO CENTRO

NOME: CEIP O Bolo.

CÓDIGO DO CENTRO: 32015098

ENDEREZO: Rúa César Conti s/n.

LOCALIDADE: O Bolo.

CÓDIGO POSTAL: 32373

PROVINCIA: Ourense.

TELÉFONO: 988323047

CORREO-E: ceip.dobolo@edu.xunta.es

WEB: www.edu.xunta.gal/centros/ceipdobolo/

TIPO DE CENTRO: O CEIP O Bolo é un colexio público dependente da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que conta cos servizos complementarios de transporte e comedor escolar.

INFRAESTRUCTURA: Existe un único edificio de dúas plantas coas seguintes dependencias:

–4 aulas.

–Aula de música.

–Aula de inglés.

–Sala de informática. (*en desuso*)

–Sala de mestres.

–Biblioteca.

–Secretaría.

–Dirección.

–Ximnasio.

–Aseos en cada unha das plantas.

–Duchas na planta baixa.

–Zona de patio cuberto.

–Patio descuberto.

–Areiro.

–Comedor.

–Cociña.

UNIDADES:

Educación Infantil	Total unidades: 1
	Total alumnos: 09

Educación Primaria	Total unidades: 2
	Total alumnos: 13

PROFESORADO:

Profesorado participante	4
Total profesorado	6

2.INTRODUCCIÓN

O destino deste Plan de Introducción das TIC é o de converterse nunha parte máis do PE e por tanto o de ser asumido polo centro como unha parte da realidade do mesmo e por iso preténdese que este documento se integre nesa realidade, na dinámica de traballo do propio centro continuando co traballo que xa se viña facendo ata agora.

Sabemos que a formación dos distintos membros da nosa comunidade é moi variada, por iso pedimos que cada un se comprometa na medida das súas posibilidades e formación actuais con espírito de equipo e colaboración, aportándonos cousas uns ós outros para fortalecer as experiencias que poidamos levar a cabo e por extensión o noso propio centro.

A idea principal deste proxecto non é que os nosos alumnos aprendan informática, iso xa se irá conseguindo implicitamente na medida en que eles vaian traballando cos medios, senón que as TIC nos sirvan para achegalos a todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

É fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a todos os rapaces, polo que debemos habilitar, na medida das nosas posibilidades, os recursos e medios necesarios para que os rapaces teñan a oportunidade de aproveitarse destas tecnoloxías e os mestres decidir o seu grao de implicación no uso das mesmas. Non se pretende que as TIC sexan a panacea universal para a aprendizaxe nin que substitúan a algo ou a alguén, senón consideralas como un elemento ou recurso máis co que contamos para acadar uns determinados obxectivos que xa tiñamos propostos. A rendibilidade que puidéramos obter destes recursos non está tanto neles en si mesmos como no uso do que deles se faga. En Internet hai un montón de información pero pode ser unha auténtica perda de tempo se non sabemos cando, para qué e cómo imos utilizala dirixindo ós rapaces da forma máis apropiada. Non é a máquina a que determina a importancia da mensaxe, senón quen usa esa máquina.

3. XUSTIFICACIÓN

A utilización dos novos medios tecnolóxicos está a ter unha repercusión en toda a sociedade. A escola non pode permanecer á marxe dos cambios que se están a producir para evitar un distanciamento entre a unha e a outra, e consecuentemente favorecer a desmotivación dos estudantes. A educación hoxe ten que partir e adaptarse a esa nova realidade, implicándose na solución dos seus problemas. Pensemos que debido ao grande desenvolvemento que presenta a rede internet, a información está ao alcance da man, sempre e case en calquera lugar. Cun simple clic podemos acceder a enciclopedias, blog, sitios webs, foros, podemos manter conversas con persoas que viven ao noso carón ou que se atopan noutro extremo do mundo,... todo un mundo novo que se abre ante nós. Pero como usuarios desta rede, non só podemos recibir información, senón tamén transmitila, creala, compartila, sermos partícipes da construción desa grande urbe da comunicación. Polo tanto, as TIC convértense nun instrumento cada vez máis indispensable nos centros educativos, ao ser:

- Fonte de adquisición de información, con ordenadores conectados a Internet.
- Canal de comunicación interpersonal.
- Facilitadoras do traballo colaborativo e do intercambio de experiencias e ideas.
- Medio de expresión e de creación.
- Unha ferramenta para o traballo tutorial do profesorado.
- Xestor eficaz dos recursos do centro: Biblioteca, Videoteca, xestión académica, etc.
- Recurso interactivo para a aprendizaxe. Os materiais didácticos multimedia informan, adestran, proporcionan simulacións, guían aprendizaxes, motivan...
- Medio lúdico e para o desenvolvemento psicomotor e cognitivo.
- Novos contornos virtuais (en liña) de aprendizaxe que, aproveitando as posibilidades das TIC, ofrecen novos modelos para o ensino e a aprendizaxe libres das restricións que imponen o tempo e o espazo no ensino presencial, mantendo unha continua comunicación (virtual) entre estudantes e profesores.
- Novas necesidades de formación do profesorado. O profesorado precisa dunha actualización didáctica que lle axude a dominar e integrar os instrumentos tecnolóxicos na súa práctica docente.

Sen embargo, utilizar internet con fins educativos e como complemento doutros medios de información e de coñecemento implica coñecer os lados positivos e negativos da Rede, e por iso debemos preparar aos estudantes para un uso seguro e eficaz de internet.

Alumnado con NEE. É este un ámbito no que o uso do ordenador, en xeral, proporciona maiores vantaxes. Moitas formas de diminución física e psíquica limitan as posibilidades de comunicación e o acceso á información; en moitos destes casos o ordenador, incluso con periféricos

especiais, pode abrir camiños alternativos que resolvan estas limitacións.

Tratamento da diversidade. Os materiais didácticos interactivos individualizan o traballo dos alumnos xa que o ordenador pode adaptarse aos seus coñecementos previos e ao seu ritmo de traballo. Resultan moi útiles para realizar actividades complementarias e de recuperación nas que os estudantes poden autocontrolar o seu traballo.

A interactividade, o desenvolvemento da iniciativa persoal, a interdisciplinabilidade, a aprendizaxe cooperativa, a mellora da xestión académica, ou compartir recursos son outras características que definen a estas tecnoloxías.

Tampouco debemos esquecer que as TIC son, por si mesmas, motivadoras. O alumnado acode con outra actitude cando debe buscar información ou simplemente escribir nun soporte dixital que cando o fai sobre ou soporte tradicional, é dicir, o papel. E o que nun primeiro momento pode semellar unha grande demora ou unha perda de tempo (para un alumno iniciarse na escritura cun teclado, por exemplo, é un proceso lento) convértese rapidamente nunha adquisición de técnicas e habilidades que facultarán ao alumnado para futuras aprendizaxes.

Ademais, os centros tamén deben realizar unha labor compensatoria das desigualdades socioeconómicas dos estudantes, facilitando un acceso preferente ás TIC aos alumnos e alumnas que non dispoñen delas na súa casa.

4..ESTUDO INICIAL DO CENTRO

Pese a que no seu tempo equipouse unha “aula de informática” na actualidade a aula está en completo desuso debido a antigüidade dos equipos e o seu mal estado.

O centro presenta este ano a mellora da wifi dentro do plan ABALAR, así como a posta en marcha do libro dixital para o alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, dentro da proxecto EDIXITAL da Xunta.

O centro conta cun equipo informático fixo nas dúas aulas ordinarias, na biblioteca, na sala de profesores (con impresora e escaner), na aula de infantil (con impresora/escaner) e en dirección (con escaner/impresora); e equipos portátiles na aula de educación musical, na aula dos maiores (4º, 5º e 6º) e un portatil moi antigo e fora de punto no ximnasio.

As aulas están equipadas con proxectores, non obstante é preciso facerse cun mando a distancia para o da aula de infantil. É tamén reseñable a ausencia de proxector na biblioteca. Un obxectivo a medio –longo prazo sería volver a por en marcha a aula de informática.

A páxina web do centro está completamente operativa e actualízase periódicamente.

Unha grande maioría do profesorado do centro ten coñecementos de informática a nivel de usuario: manexa un procesador de textos, navegador e internet, correo electrónico, xestión da titoría

a través da aplicación Xade, coñece o funcionamento básico da pizarra dixital, etc.

Destacar que existe o compromiso por parte do profesorado, manifestado na reunión de claustro na que se deron a coñecer as directrices do proxecto, para participar nas actividades formativas que se consideren necesarias para desenvolvelo. A totalidade do claustro de profesores/as acolleu con moita ilusión e agrado a convocatoria deste proxecto de introdución das TIC na educación, por un lado polo que supón de actualización na formación profesional e persoal e por outro pola súa aplicación directa no proceso de ensino-aprendizaxe, polo que o seu desenvolvemento engloba á totalidade do alumnado e do profesorado.

5. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

O artigo **13 da Orde do 17 de xullo de 2007** pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función tutorial e outras funcións docentes establece que “Nos centros educativos poderá designarse unha persoa encargada das TIC, que terá como obxectivo o mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, así como o soporte no seu uso didáctico ao resto dos profesores do claustro”

Así nomeamos dinamizador das tecnoloxías da información e a comunicación a Jorge López Díaz e establecemos un grupo de apoio á dinamización das TIC formado polos mestres que a continuación se relacionan:

- Paula Pose López.
- Alba Garrido Vidueiro.
- Emilio Manuel González López.

As funcións do dinamizador das TICs en colaboración co profesorado de apoio, están establecidas no art 14 da orde anteriormente citada e son as seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa

normativa específica.

Ademáis, os titores deberan ser os principais responsables da integración das TIC nas súas clases e de ocuparse de que cheguen a tódolos alumnos, aproveitando os momentos máis axeitados para que os rapaces poidan gozar deses recursos racionalmente.

O profesorado pode, e é aconsellable, utilizar as TIC cos seus alumnos de dúas formas:

- Sistemáticamente con reserva de horario.
- Puntualmente cuando o crea convinte.

6. OBXECTIVOS

Para lograr unha boa integración das TIC nos centros docentes e que estas se apliquen na súa xestión e na mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, é necesario que se dean estas circunstancias:

- Infraestruturas adecuadas e recursos suficientes.
- Unha boa coordinación e mantemento dos recursos TIC.
- Apoio do equipo directivo e da Administración educativa, que na medida das súas posibilidades facilitará recursos materiais e persoais.
- Formación do profesorado en didáctica dixital.
- Actitude favorable do profesorado.

Sinalamos a continuación as señas de identidade do noso centro en relación ás TIC:

- **Importancia das TIC na sociedade.** A escola non pode quedarse ao marxe do desenvolvemento social. A día de hoxe as TIC fixéronse imprescindibles e os nosos alumnos deben coñecelas e empregalas.
- **Atención á diversidade.** As TIC son un vehículo moi eficaz para fomentar a autonomía do alumno e mellorar a súa autonomía.
- **Uso crítico da información.** A nosa sociedade produce unha cantidade inxente de información. As TIC poden ser unha ferramenta para o seu tratamento e uso crítico.
- **Socialización dos alumnos de diferentes localidades.** As TIC son un vehículo de comunicación entre todos os membros da Comunidade Escolar e o seu contorno.
- **Utilización das TIC como recurso no proceso de ensinanza-aprendizaxe.** O uso das TIC axúdanos a conseguir os obxectivos marcados nas distintas áreas do currículo.

Con estes precedentes podemos establecer uns obxectivos xerais dentro do Plan de Integración das TIC que son os seguintes:

- Impulsar a innovación pedagóxica de tódalas áreas, mediante un progresivo cambio metodolóxico proporcionado polo sistema tecnolóxico, prestando especial atención a inclusión do libro dixital e o desenvolvemento deste dentro do programa Edixital.

- Acadar un uso persoal (mestres, alumnos...) das novas tecnoloxías: acceso á información, comunicación, xestión e proceso de datos.
- Conseguir que o alumnado que presenta desigualdades (económicas, sociais, ANEAE...) adquira as destrezas necesarias para localizar e utilizar as TIC que lle permitan a adquisición das competencias clave.
- Procurar a inclusión de toda a comunidade educativa a través das TIC, potenciando as actividades de participación nas diferentes actividades do centro: páxina web, xornal escolar, revista anual, actividades culturais, etc.
- Contribuir á alfabetización dixital dos estudantes e profesorado.
- Favorecer novas experiencias que nos axuden na práctica docente.
- Continuar a utilizar as TIC como medio de información e comunicación coas familias (novidades na páxina web, información administrativa, lexislación, prazos de matrícula...)

Relacionados co alumnado:

- Conseguir que o alumnado acceda ás TIC en xeral, e ao mundo de Internet en particular.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo e a adquisición das competencias clave.
- Desenvolver un espírito crítico cara a sociedade e ao medio ambiente que lle rodea.
- Capacitalo para acometer o futuro, desenvolvendo a súa autonomía.
- Facilitar ao alumnado a adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu posterior tratamento.
- Acceder á información con eficiencia e efectividade.
- Usar a información de forma correcta e creativa.

Relacionados co profesorado:

- Lograr o compromiso do profesorado na aplicación das novas tecnoloxías: ordenador, encerado dixital, proxector...
- Facilitar ao profesorado a adquisición de bases teóricas e destrezas operativas que lles permitan integrar, na súa práctica docente, os medios didácticos en xeral e os baseados nas novas tecnoloxías

en particular.

- Utilizar as TIC como un medio de Xestión do centro: biblioteca, xestión da titoría do alumnado, do centro...

- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.

- Buscar e clasificar por áreas e niveis “actividades TIC” para facilitar a súa efectiva incorporación á práctica docente.

- Actualizar a páxina web do centro.

A estes obxectivos xerais hai que engadirlle os seguintes obxectivos específicos a acadar polo profesorado (P), alumnado de Educación Infantil (EI) e alumnado de Educación Primaria (EP) do centro.

- Apagar e encender o ordenador e outros dispositivos. (EI, EP, P)

- Manexar o rato. (EI, EP, P)

- Utilizar os recursos educativos da nosa web. (EI, EP, P)

- Abrir e pechar programas. (EP, P)

- Escanear arquivos. (EP, P)

- Gardar e eliminar arquivos. (EP, P)

- Imprimir documentos. (EP, P)

- Empregar Libre Office con cada un dos seus procesadores.(EP, P)

- Buscar información en Internet.(EP, P)

- Consultar enciclopedias virtuais. (EP, P)

- Seleccionar a información axeitada. (EP, P)

- Utilizar o correo electrónico.(P)

- Conectar e utilizar a pizarra dixital e o canón. (EP, P)

- Utilizar a cámara proxectora. (EP, P)

- Utilizar a cámara dixital. (EP, P)

- Descargar as fotografías dixitais. (P)

- Utilizar o prog. XADE. (P)

- Elaborar material multimedia. (P)

- Subir contido. (P)

7.COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COS EQUIPOS E DEPARTAMENTOS DO CENTRO.

Departamento de Orientación:

- Elaboración de materiais didácticos.
- Utilización de programas específicos para ANEAE.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

- Elaboración de unidades didácticas: Magosto, Letras Galegas, Entroido...

Equipo de Biblioteca:

- Xestión da Biblioteca (programa MEIGA).
- Educación documental.

Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar:

- Programa de habilidades sociais.

Obradoiro de Prensa:

- Elaboración da revista escolar.

Todos os grupos do Centro:

- Publicación da información, dos recursos e recompilación das actividades dos distintos grupos e departamentos do centro na páxina web, proporcionándolle ademáis, información puntual ás familias de tódolos contidos publicados.

Todo isto levarase a cabo mediante a coordinación da **Comisión de Coordinación Pedagóxica**.

8. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO

Este tipo de organización sempre dependerá do número de alumnos cos que contemos en cada unha das nosas titorías, do número de ordenadores cos que contamos e do tipo de actividades que queiramos facer con eles.

Como novidade este curso contamos cun ordenador por alumno en 4º, 5º e 6º con conexión a rede

wifi ABALAR o que favorecerá o traballo coas Tics

Será tarefa do titor/especialista a organización das actividades, distribución dos rapaces e demais para aproveitar este tipo de recurso.

9. RECURSOS INFORMÁTICOS DISPOÑIBLES NO CENTRO.

INVENTARIO DE HARDWARE

- 14 ordenadores de sobremesa cos seus correspondentes altofalantes e auriculares, dos cales 10 están totalmente obsoletos e non funcionan.
- 3 ordenadores portátiles.
- 4 impresoras, das cales so tres son operativas.
- 1 fotocopiadora.

INVENTARIO DE SOFTWARE.

- Todos os ordenadores do centro traballan cun sistema operativo de Windows XP e Linux.
- Todos os equipos presentan o software común aportado pola Xunta.

RECURSOS EXTERNOS

Son todos aqueles que nos axudan ante as dificultades que conleva a aplicación das TIC na aula. Por exemplo, cando falla o hardware contamos co servizo técnico da UAC, cando falla o software contamos coa colaboración do asesor TIC do Centro de Formación de Recursos de O Barco de Valdeorras, etc.

10. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E DOS HORARIOS

Para levar a cabo este plan estableceremos unha distribución horaria dos recursos TIC existentes no centro e a organización de espazos para poder desenvolvelo. Seguiremos os seguintes pasos:

- Entrega dos titoriais para poder utilizar os medios e programas citados.
- Entrega das fichas de localización e uso dos diferentes medios informáticos.
- Entrega dos horarios e organización de espazos.
- Explicación de calquera dúbida que poidan ter, tanto de cada unha das actividades como dos programas a utilizar.

Todo isto explicárase na primeira reunión do equipo e irase profundizando en cada aspecto a

medida que vaia avanzando o curso.

Os principais espazos cos que conta o centro para o desenvolvemento do plan son os seguintes:

- Aula de informática.

Debido á que os equipos informáticos instalados nesta aula están totalmente obsoletos, a aula está en desuso, polo que se pode dicir que o centro non conta cunha aula de informática adaptada ás necesidades do centro. A porta da aula debe permanecer sempre pechada con chave. Esta chave está colgada no lugar correspondente do panel no que se atopan ubicadas as chaves de todas as dependencias do centro. No caso de que o centro chegue a ter unha aula de informática en condicións, o horario será o consensado polo claustro ordinario de mestres do mes de setembro, tentando reservar a cada grupo de alumnos un mínimo dunha hora semanal para acudir á mesma.

- Equipos das aulas.

O contacto dos alumnos coas novas tecnoloxías ten lugar nas aulas de cada titoría que contan con ordenador de sobremesa, proxector e pizarra dixital. En determinados momentos, e dependendo das necesidades os equipos informáticos portátiles poden desprazarse a cada unha das aulas previa solicitude á dirección do centro.

En calquera das dependencias do centro o alumnado poderá acceder a Internet baixo a supervisión do mestre que os leve, sempre dirixindo a súa navegación ós sitios web de interese para a realización de cada traballo. Non é convinte dicirlle ós rapaces que naveguen ó seu aire por onde eles queiran pois iso a maioría das veces pode ser unha fonte de infeccións (virus, malware,...) ou instalación nos discos duros dos equipos de software pernicioso que podería dar lugar a ter incluso que reconfigurar o equipo desde cero, ademais doutros perigos cos que se poden atopar na rede.

Asimesmo, o mestre responsable de cada grupo ten que facerse responsable de que o alumnado non desconfigure os equipos nin instale programas propios; neste sentido, se un mestre precisa instalar calquera tipo de software nos equipos, deberá comunicalo previamente ao coordinador. Por outra banda, se algún mestre nota calquera tipo de anomalía ou mal funcionamento dalgún dos aparellos ou do servidor, deberá comunicalo o antes posible ao coordinador, que se encargará de solucionar o devandito problema coa maior brevidade posible.

Tanto o profesorado como o alumnado que fago uso de calquera destes equipos teñen a obriga a deixar todo ordenado tal e como estaba, asegurándose de que tódolos elementos queden apagados.

- Equipos noutras dependencias do centro.

Os equipos informáticos cos que conta o centro están situados no despacho de dirección, na sala de mestres e na biblioteca do centro.

Con respecto ao equipo informático situado no despacho de dirección será só usado polo director do

centro e pola persoa que en determinados momentos o substitúa para tarefas administrativas e debe estar protexido por un contrasinal que só eles deben coñecer, para así protexer a integridade dos datos confidenciais aloxados neles.

O equipo informático situado na sala de mestres será para uso exclusivo dos mestres, e cada un deles terá unha conta de usuario propia que poderá protexer ou non con contrasinal se así o desexa e que será a que deba utilizar sempre en todo caso, non debendo entrar nunca nas contas de outros compañeiros salvo permiso expreso dos mesmos.

Como se mencionou con anterioridade, a biblioteca do centro conta cun ordenador central

- Proxectores e pantallas dixitais interactivas (PDI).

Nestes momentos o centro conta con dous Kit Abalar, e pizarras dixitais interactivas en todas as aulas de Educación Primaria e Infantil; non sendo así na biblioteca. Gustaríanos que o centro contara con outro proxector mais, para así, instalalo nun soporte fixo no teito da aula da biblioteca e aproveitar unha pizarra dixital interactiva coa que conta o centro e que está en desuso.

- Ordenadores portátiles.

Hoxe en día, o centro conta con catro ordenadores portátiles que contan con sistema operativo Windows ou Linux e que están destinados para uso xeral do centro cando calquera membro do Claustro o necesite tanto para uso particular en actividades relacionadas coa profesión como para a aula (uso combinado co proxector, etc). En ningún caso se instalará calquera tipo de software coma xogos non educativos ou outro tipo de software non relacionado coa nosa profesión.

Os portátiles estarán sempre baixo control da dirección do centro, a quen se lle terán que solicitar para o seu uso e devolver unha vez rematada a actividade.

- Cámara dixital.

O centro posúe tamén unha cámara dixital, que na actualidade está totalmente obsoleta e, polo tanto, en completo desuso.

11.DESENVOLVEMENTO

Consideracións a ter en conta:

- O mestre deberá de coñecer tanto a máquina como os programas cos que vai a traballar.
- Debe integrarse o uso das TIC na programación de aula.
- Solicitar axudas ao coordinador ante imprevistos e averías.
- Dedicar as primeiras sesións ao uso da máquina: encender, apagar, teclear, introducir CD's ou DVD's, memorias externas, etc, así como a respetar o material.

- Explicar a finalidade concreta do uso das TIC en cada momento.
- Controlar o traballo do alumnado no ordenador sin cortar a súa autonomía.

Metodoloxía e actividades:

Para o desenvolvemento deste plan é fundamental o grupo dinamizador das TIC que será o encargado de organizar recursos e actividades e dar soporte a este plan e facilitará así a xeralización da utilización das TIC á totalidade do profesorado e alumnado.

O obxectivo fundamental é a realización dunha primeira aproximación á tecnoloxía. Por iso, para a iniciación nos rudimentos tecnolóxicos haberá que coñecer o software instalado nos ordenadores. Tanto por parte do profesorado como do alumnado, o uso do procesador de textos será un dos primeiros elementos a descubrir e utilizar. De igual modo, a consulta por medio de Internet será prioritaria.

Sería convinte aprender por parte do profesorado o manexo da pizarra dixital e do proxector xa que permiten unha doada utilización da tecnoloxía en grupo.

Pretendemos usar as TIC como ferramentas ao servizo da consecución das competencias clave. O profesorado comezará a utilizar os medios didácticos servidos por medio de Web e/ou aplicacións informáticas en soporte rixido, ben con titoriais ou con instrucción programada.

Para realizar todo isto propoñemos os seguintes núcleos temáticos:

- } A nosa páxina web como centro de información e recursos.
- } Os Blogs: un centro de recursos
- } A educación documental.
- } O uso das novas tecnoloxías no fomento da lectura.
- } A Convivencia no Centro.
- } Elaboración de material multimedia.
- } Traballando co ordenador.

A nosa páxina web como centro de información e recursos:

Un dos obxectivos de plans anteriores era o de poñer en funcionamento a páxina web do centro. Na actualidade, e grazas a gran implicación de todos os membros do equipo, vemos ese obxectivo un pouco máis asequible e pretendemos que a nosa páxina web

<http://centros.edu.xunta.gal/centros/ceipdobolo/> sexa un centro de información e recursos de toda a comunidade educativa, ben a través dunha **recompilación de recursos educativos** seleccionados da rede, ou ben a través de recursos de elaboración propia con diferentes programas e postos a disposición de toda a comunidade educativa, e mantela actualizada na medida do posible subindo

máis recursos para que poidan ser utilizados polo profesorado na explicación das distintas unidades didácticas dos currículos educativos e polo alumnado do centro como un novo medio que facilite a adquisición das competencias clave, actualizando as novas do centro para manter informados a tódolos membros da comunidade educativa, actualizando a lexislación educativa, actualizando os proxectos, programacións e horarios para que calquera membro da comunidade educativa poida consultalos cando o desexe.

App ABALAR

O cenetro comunicarase cos pais, nais e titores legais, a maiores de usar as vías habituais, a través da app do proxecto ABALAR.

Creación de blogues:

Na actualidade o centro non conta con ningún blogue. O que se pretende tamén, na medida do poible, é a creación dun blogue por titoría como un medio de información e recompilación de recursos para distintas áreas e niveis.

Dende o equipo da biblioteca escolar tamén a idea da creación dun blogue da biblioteca como medio para difundir as actividades, sexan do tipo que sexan, levadas a cabo na mesma.

Educación documental e formación de usuarios:

Queremos que o alumnado do centro sexa quen de buscar información nos distintos medios documentais e, o máis importante, que saiba seleccionar dita información. Pretendemos formar usuarios das novas tecnoloxías.

Utilización das novas Tecnoloxías no fomento da lectura:

Uns dos principais obxectivos da lexislación educativa vixente é o fomento da lectura. No centro, dende o curso 07/08 estableceuse unha sesión de 20 minutos diarios adicado á lectura.

Neste curso introducimos as novas tecnoloxías nese período de lectura. Entendemos que hai diferentes fontes de lectura, entre elas está a lectura a través da novas tecnoloxías e por iso pretendemos que o noso alumnado, utilice, ademáis dos libros, a lectura na rede como unha nova fonte de lectura.

O Equipo de Dinamización das TIC seleccionará e, coa colaboración do Equipo de Biblioteca, facilitará o acceso a diferentes páxinas nas que o alumnado poderá disfrutar dun tempo adicado á lectura.

A Convivencia no Centro:

O uso das Tics implica o respecto tanto polo material como a cooperación e a convivencia co resto de membros da comunidade escolar. Dita convivencia será vixilada en cada momento polo titor ou titora a cargo do alumnado que esté a empregar os equipos informáticos, pizarra dixital, etc.

Elaboración de material didáctico para utilizar nas diferentes áreas do currículo:

Pretendemos elaborar material multimedia que axude aos mestres nas súas programacións e que fomente un novo tipo de ensino coa utilización das TIC (elaboración de presentacións con Impress, elaboración de libros LIM de actividades interactivas, elaboración de actividades JCLIC, elaboración de material co programa ARDORA e elaboración doutros materiais empregando programas específicos da web 2.0.

Haberá unha total coordinación con todos os equipos docentes, para a elaboración de ditas actividades, sen esquecermos do ANEAE e dos contidos transversais, todo isto cun único fin: a adquisición das competencias clave establecidas na LOMCE.

Incorporaranse a Web do centro e aos distintos blogs os recursos que vaian xurdindo.

Traballando co ordenador

Ademais da utilización dos medios informáticos das diferentes áreas ocasionalmente, o alumnado de 4º, 5º e 6º nivel de Educación Primaria empregará de xeito habitual os seus equipos informáticos individuais na clase.

Obradoiro de prensa

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria continuará elaborando o xornal co que participará no “Concurso Xornal Escolar” de La Ración contando cos medios TIC de que dispón o centro.

Ademáis, o alumnado de todo o centro contribuirá á elaboración da revista anual empregando tamén, na medida do posible, os medios informáticos dos que dispón o centro.

Por último, e no que a este tema atinxe, non pretendemos “dar clases de informática” aos alumnos/as. Trátase de utilizar un potente recurso para mellorar a nosa práctica docente e conseguir que a educación sexa máis motivadora. Sen embargo, para que o alumno/a poida aproveitar convenientemente todas as posibilidades que se ofrecen, é preciso que teña un coñecemento dos equipos informáticos e como funcionan. Neste sentido, pensamos que xa dende a educación infantil o alumno/a debe ser posuidor de destrezas, habilidades e coñecementos nesta área.

12. TRATAMENTO DA DIVERSIDADE E ATENCIÓN A ANEAE.

As TIC proporcionan múltiples funcionalidades ás persoas que requiren unha atención especial, ao facilitar:

- A comunicación
- O acceso á información
- O desenvolvemento cognitivo
- A adaptación das aprendizaxes a distintos ritmos
- A adaptación e a autonomía no contorno.
- O Ocio, o traballo,...

Así, traballaranse e deseñaranse, na medida do posible, actividades que respecten os diversos ritmos da clase e que lles permitan pasar progresivamente a dificultades maiores. Polo tanto, a atención á diversidade, a integración e a colaboración, son conceptos que estarán sempre presentes na práctica docente.

No centro somos conscientes de que os programas e actividades de reforzo son imprescindibles para traballar coa diversidade existente na aula, afianzando conceptos básicos e ampliando outros ao tempo que respectan distintos ritmos de aprendizaxe.

A sabendas de todo o citado anteriormente, consideramos que o centro non conta con material multimedia ou programas para atención á diversidade que se empreguen tanto para a prevención das dificultades, como para a detección e recuperación das mesmas, por iso consideramos que dendo o Departamento de Orientación se debería adquirir máis material destas características.

13. MEDIDAS PARA PROMOVER O ACCESO ÁS TICS EN CONDICIÓN DE IGUALDADE.

O acceso ás TIC realizarase en condicións de igualdade por parte das persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.

Todos os ordenadores e materiais das TICs están a disposición de todo o alumnado sin distinción de sexo ou de condición social:

- Non se fará distinción de sexo á hora de facilitar o acceso aos recursos TIC.
- Facilitarase en especial o acceso aos ordenadores ao alumnado que non dispoña deste recurso na súa casa.

Dado que interesa promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte do alumnado, o centro traballa no 5º e 6º nivel de Educación Primaria:

- Na elaboración do xornal “O Correo do Bolo”.
- Na elaboración da revista anual “Choupín”.

- No plan de saída do alumnado de 6º.

14. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA.

A biblioteca do centro é un centro de recursos ao servizo do ensino e da aprendizaxe útil, integrada na práctica educativa articuladora do programa de actividades programadas para cada curso. Polo tanto, a biblioteca será a que xestione a totalidade dos recursos multimedia do centro, para a búsqueda e tratamento da información, para a aprendizaxe e a dinamización da lectura nos diferentes soportes.

15. PLAN DE AVALIACIÓN

A introdución das TIC na práctica docente supón todo un reto que necesita ser avaliado e revisado de forma constante e por todos os membros da comunidade educativa, pero con especial relevancia polo profesorado e polo alumnado.

Levaremos a cabo un **proceso avaliador** que comprenda:

1) Unha avaliación continua de obxectivos, contidos e actividades: elaboraremos uns obxectivos mínimos para o alumnado e avaliaremos:

a. O grao de adecuación e aplicación das actividades a estes obxectivos.

b. Grao de participación.

c. Actividades que máis gustaron, as que menos.

d. Actividades máis difíciles, máis fáciles

e. Dificultades detectadas ou superadas co plan.

f. Resultados reais dos logros conseguidos.

g. Cuestións a cambiar.

h. Expectativas innovadoras xeradas.

i. Suxerencias a ter en conta.

2) Unha avaliación final da planificación e da organización de horarios, espazos e recursos, así como da coordinación e implicación do profesorado que participa no proxecto. Nesta avaliación analizaranse os obxectivos acadados e incumpridos establecendo as estratexias que deberán adaptarse para acadar os non conseguidos.

Como **instrumentos da avaliación** utilizaremos a observación, deixando constancia nas distintas reunións de ciclo dos resultados acadados nas actividades relacionadas coas Tics, e como mellorar Ao final de curso recompilaremos a información para valorar os aspectos positivos e negativos do proxecto.

O resultado do proceso avaliador servirános para cambiar os aspectos necesarios do presente proxecto. Estudiaremos as dificultades atopadas e as necesidades de formación do profesorado nun futuro.

Pero, sen dúbida, a mellor avaliación final será observar o resultado. Se o alumnado manexa os ordenadores nas aulas, busca información en Internet, elabora traballos con procesadores de texto e traballa cos programas e recursos facilitados, estaremos acadando os nosos obxectivos. E o mesmo co profesorado, se os titoriais facilitados se utilizan e son operativos, se utilizamos a pizarra dixital e o proxector, se nos comunicamos tamén a través do correo electrónico, se utilizamos o XADE para tarefas de xestión, a aplicación móbil Abalar e, en definitiva, se o uso das TIC aumenta e se xeneraliza na nosa práctica habitual, estaremos no camiño correcto para seguir avanzando na utilización das TIC no noso centro.

16. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación do profesorado debe procurar unha boa formación técnica sobre o manexo das ferramentas tecnolóxicas e tamén unha formación didáctica que lle proporcione un “bo saber facer pedagóxico” coas TIC. O coñecemento dos servizos que proporciona Internet constitúe unha parcela relevante das competencias en TIC que debe ter o profesorado, sen esquecer competencias TIC específicas do seu campo profesional, moi especialmente a aplicación de instrumentos tecnolóxicos con fins didácticos para facilitar as aprendizaxes. Así, potenciaremos a realización de actividades, de ser posible no propio centro, para a formación de todos os membros do claustro, á vez que difundiremos entre o profesorado os medios dispoñibles en Internet para tal fin (autoformación).

A formación do profesorado estará baseada en:

- Afondar nas posibilidades que ofrece a pizarra dixital.
- Creación de materiais (Miniquests, actividades Jelic, etc.)
- Manexo de Windows e Linux.
- Iniciarse no uso do procesador de textos e presentacións de OpenOffice.

Competencias que debe adquirir o profesorado:

Competencias instrumentais	Competencias profesionais
Coñecemento dos sistemas informáticos e das redes. Terminoloxía.	Coñecemento das posibilidades das TIC na educación.
Xestión do equipo: conexións, programas, SO, instalar e desinstalar, mantemento, etc.	Acceso ás fontes de información.
Procesador de textos.	Selección e avaliación de recursos TIC.
Escaneado de documentos: imaxes, OCR, formularios.	Aplicación na aula de novas estratexias didácticas que aproveiten os recursos TIC.
Navegadores. Busca e selección da información.	Realización de traballos de autoaprendizaxe.
Correo electrónico.	Realización de traballos grupais e colaborativos.
Utilizar as axudas dos propios programas.	Utilización de programas informáticos específicos das materias que imparte.
Xestión dos sistemas tecnolóxicos aplicados á educación.	Uso de axudas TIC para a autoavaliación e a avaliación do alumnado.
Elaboración de presentacións.	Elaboración de materiais didácticos.
Bases de datos: consulta e uso básico.	Colaborar na web docente con selección de recursos de utilidade.
Utilización de programas de autor para crear actividades educativas.	Creación e difusión de recursos e materiais didácticos.
Creación e modificación dunha bitácora.	Actitude aberta á investigación na aula.

Para rematar, mencionar de xeito especial a actitude positiva do claustro de mestres que a pesar do cúmulo de tarefas adxudicadas está aberto a calquera proposta de formación que xurda ao longo do curso con relación a este tema.

17. DIFUSIÓN DO PLAN

Dende o CEIP O Bolo somos conscientes da importancia de facer unha boa difusión desta iniciativa, pois na medida en que sexamos capaces de concienciar ás familias da súa importancia, daremos conseguido un uso das TIC nos fogares.

A difusión consistirá basicamente en dar a coñecer este proxecto en todas as aulas e a todo o profesorado para que sexa explicado nas reunións de titorías. Facilitaráselle ampla información ás familias explicándolle as actividades propostas, as que teñan que resolver os propios alumnos/as, a participación nas diferentes propostas, a proposición de retos, os pasatempos, as preguntas, actividades lúdicas, etc. intentando que nos fogares tamén se participe nesta iniciativa.

18.NECESIDADES E PROPOSTAS DE MELLORA

Despois de que o centro fora dotado cun ordenador con proxector e pizarra dixital interactiva por titoría e conexión a internet e wifi ABALAR en cada unha das dependencias, así como dotar ao

alumnado de 4º, 5º e 6º con un ordenador portatil por alumno/a, consideramos oportuno equipar a aula de informática con equipos informáticos novos que subsitúan aos que a día de hoxe están alí “almacenados” por estar obsoletos. Tamén sería interesante equipar a biblioteca do centro un proxector para conectar a unha pizarra dixital que non se pode usar por falta de este, e outro ordenador para uso do alumnado, destinado á búsqueda de información por parte destes, xa que na actualidade tan so conta cun ordenador. Por último, sería aconsellable substituír a fotocopidora coa que conta o centro por unha nova que poida estar conectada en rede aos diferentes equipos informáticos cos que conta o centro.